COMENTARIO DUN CLIMOGRAMA

Temperatura

- Debemos sinalar a temperatura media anual, a amplitude térmica, e as temperaturas máximas e mínimas por estacións e meses.
- Podemos sinalar se a amplitude térmica é **moi baixa** (menos de 8ºC), **baixa** (entre 9ºC e 12 ºC), **media** (entre 12ºC e 16ºC), **alta** (entre os 16ºC e 18ºC) ou **moi alta** (superior a 18ºC).
- A partir das temperaturas estivais, podemos sinalar que a zona en cuestión posúe un verán **caloroso** (cando a temperatura media dun dos seus meses é igual ou superior a 20ºC) ou un verán **fresco** (se a temperatura media é inferior a 20ºC).
- A partir das temperaturas de inverno podemos indicar que a zona posúe un inverno **suave** (a temperatura media do mes frío é superior a 10ºC), **moderado** (cando oscila entre 10ºC e 5ºC), **frío** (por debaixo de 5ºC).

Precipitacións

- Debemos sinalar a cantidade de precipitacións total anual, as precipitacións máximas e mínimas por estacións e meses, e sinalar se hai meses con aridez estival.
- Segundo o total de precipitacións podemos sinalar se estas son **moi abondosas** (superior aos 1000 mm), **abondosas** (superior a 800 mm), **escasas** (entre 800 e 300 mm) e **moi escasas** (inferior a 300 mm). Menos de 150 mm sería indicativo dun clima desértico.
- Atendendo á distribución das precipitacións ao longo do ano, podemos indicar se estas son **regulares** (non hai meses secos), **bastante regulares** (cun máximo de dous meses secos) ou **irregulares** (máis de dous meses secos). Se os meses secos son máis de sete, estamos ante un clima mediterráneo seco, desértico ou polar.
- Podemos sinalar ademais a forma de precipitación: en forma de choiva ou de neve.

Clasificación do clima

- A partir dos datos obtidos, podemos determinar o tipo de clima ao que pertence a área analizada e sinalar as súas características xerais, así como a súa influencia sobre outros elementos do medio natural (vexetación, ríos e chan)

Muñoz Delgado, M.C. (2008), Xeografía. Bacharelato , Ed. Anaya.